



FEDERACION GALEGA  
DE AUTOMOBILISMO

E-Mail: fga@fga.es  
http://www.fga.es  
Tlfo: 988 272 841 - Fax: 988 271 461  
Ctra. de Vigo, 43 Baixo - O Pino  
32001 OURENSE



Comunicado nº 158/20  
28 de Outubro de 2020

## □ SOBRE A INTERPRETACIÓN DO ARTIGO 9, DO REGULAMENTO XERAL DE RALLYES DE ASFALTO, SOBRE AS CLASIFICACIÓNS FINAIS DO CAMPIONATO DE GALICIA DE RALLYES 2020:

### **.- TRANSCRIPCIÓN LITERAL DO ANUARIO:**

*“Artigo 9.- CLASIFICACIÓNS DO CAMPIONATO.*

- 1.- A clasificación final do Campionato de Rallyes será establecida entre aqueles pilotos e copilotos que participasen nun número de probas igual á metade das probas celebradas máis unha.*
- 2.- Para a clasificación final do Campionato Galego de Rallyes, reteranse e sumaranse os resultados de tódalas probas celebradas menos dúas.*
- 3.- Se un participante non participa nunha proba a mesma poderase descontar para a clasificación final.*

*Artigo 10.- EMPATES.*

- 1.- Si na clasificación final varios participante tiveran igual número de puntos, teríase en conta os primeiros postos, os segundos postos, os terceiros, e así sucesivamente ata que se desfizera o citado empate.*
- 2.- De persistilo empate gañará o que fixera o primeiro mellor resultado.*

### **.- TRANSCRIPCIÓN LITERAL DA LEI 3/2018, DO 26 DE DECEMBRO, E DE MEDIDAS FISCAIS E ADMINISTRATIVAS:**

*“CAPÍTULO XI. Deporte.*

*Artigo 42. Modificación da Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia*

*A Lei 3/2012, do 2 de Abril, do deporte de Galicia, queda modificada como segue:*

*Un. Engádeselle un número 3 ao artigo 21, coa seguinte redacción:*

**«3. Non poderán modificarse as normas das competicións durante o seu desenvolvemento, agás causa de forza maior debidamente xustificada.»**

Na base do redactado no Anuario 2020, da Federación Galega de Automobilismo, e no artigo 42. Modificación da Lei 3/2012, do 2 de Abril, do Deporte de Galicia, punto 3:

**«3. Non poderán modificarse as normas das competicións durante o seu desenvolvemento, agás causa de forza maior debidamente xustificada.»**

**A Asesoría Xurídica, da Federación Galega de Automobilismo, informa que se acatará o Artigo 9.- Clasificación do Campionato tal como está redactado a tódolos efectos deportivos e de clasificacións finais do Campionato de Galicia de Rallyes 2020.**

**ASESORÍA XURÍDICA DA  
FEDERACIÓN GALEGA DE AUTOMOBILISMO**